

AULA DE INFORMÁTICA

1. HORARIO

O horario para acceso de usuarios establecerase en setembro para o 1º cuatrimestre e en febreiro para o 2º. A aula estará atendida por un bolseiro/a cunha dedicación de vinte horas semanais.

2. NORMAS PARA USUARIOS

- O uso da Aula de Informática terá fins exclusivamente académicos. O uso para calquera outro fin (ocio, comercial, delituoso, etc.) poderá ocasionar a perda temporal ou permanente do dereito de uso, ademais das sancións sobre o usuario ou usuarios que teña prevista a lexislación vixente. **QUEDA EXPRESAMENTE PROHIBIDA A UTILIZACIÓN DO SERVIZO PARA TAREFAS NON ACADÉMICAS** (xogos, traballos alleos á Escola, etc.)
- Como norma xeral, deberá facerse un **USO RACIONAL, EFICIENTE E CONSIDERADO** da impresión de documentos.
- O manexo da impresora é competencia da persoa responsable da Aula, polo que deberá comunicarse a ésta a intención de imprimir e o tipo de documento (elaborado polo usuario, descargado de internet ou traído en soporte magnético).
- O responsable da Aula consignará nunha folla diaria o nome do usuario/a, equipo, características dos documentos a imprimir e materia para a que se precisan.
- **O USUARIO DEBERÁ ACHEGAR O PAPEL** no que será impreso o documento. O papel será de calidade abonda para non danar o equipo de impresión.
- Os documentos a descargar de internet han de ter o carácter de excepcionalidade e sempre con fins académicos relacionados coa Escola, polo que non poderán solicitarse tarefas de impresión superiores a **DEZ FOLIOS**, salvo autorización expresa da Dirección do centro.
- Os traballos elaborados polo alumno como tarefa de carácter académico vinculada ao centro non poderán superar os **CINCUENTA FOLIOS** salvo autorización expresa. Neste último caso non se considerará límite ningún para **VERSIONS DEFINITIVOS** académicamente xustificadas (Memorias Prácticum, traballos de investigación,...).
- Cada usuario debe realizar as copias dos seus arquivos en disquetes, prever posibles alteracións na integridade dos datos debidas a fallos nos equipos e utilizar o disco duro unicamente para gravacións temporais durante o traballo. A Aula de informática non se responsabiliza da perda de datos nos ordenadores. Os ficheiros do disco duro que non correspondan ao software instalado serán borrados periodicamente, polo que solo está asegurada a permanencia dos datos durante o tempo en que o usuario se atope traballando nel, salvo que se produzan os fallos mencionados.

A Xunta de Centro ou a Dirección poderán ordenar a suspensión de calquera dos servizos mencionados por dificultades técnicas, de espazo ou de dispoñibilidade de persoal.